



# O legado dos Irmáns García Naveira: coidado, educación e cultura

EDUARDO JOSÉ FUENTES ABELEDO\*

Debuxos de Xoán Manuel Andrade e Alfredo Erias.

## Sumario

O texto do presente artigo correspóndese coa versión ampliada da conferencia pronunciada polo autor, invitado polo Concello, no marco dos actos conmemorativos dos 800 anos do traslado de Betanzos desde Tiobre ao emprazamento actual da cidade. Nel destácase o compromiso cívico e democrático dos irmáns García Naveira desde a perspectiva dunha ética do coidado, e as súas aportacións á educación, á cultura e á protección dos máis vulnerables.

## Abstract

The text of this paper corresponds to the extended version of the lecture delivered by the author after an invitation by the City Council in the framework of the commemorative events of the 800th anniversary of Betanzos' transfer from Tiobre to the current situation of the city. It highlights the civic and democratic commitment of García Naveira brothers from the perspective of an ethics of care and their contributions to education, culture and protection of the most vulnerable.

## 1. Notas introdutorias

O meu agradecemento aos organizadores desta conferencia (Fig. 1) pola xenerosidade mostrada comigo, fillo de Betanzos, ao confiarme unha reflexión pública arredor da obra e do legado de D. Juan e D. Jesús García Naveira nun ano peculiar, nun ano especial no que conflúen tanto conmemoracións, coma celebracións, efemérides e datas singulares en relación coa historia do noso país, e coa historia de Betanzos en particular, feitos que constitúen unha invitación para reflexionar sobre o noso pasado colectivo, o noso presente e o noso futuro en moi diversos planos e niveis. Velaquí algúns exemplos da singularidade deste 2019:

- \* 800 anos do traslado de Betanzos ao Castro de Untiá, un fito que se lembra con varios actos e que empurra a analizar o longo percorrido histórico da nosa vila, unha traxectoria na que os irmáns García Naveira ocupan un lugar moi relevante no século XX.
- \* 300 anos, como mínimo, da apertura da betanceira Farmacia Couceiro, exemplo de bo servizo, competencia profesional, amabilidade e bo trato, de atención e compromiso coa comunidade dunha familia fortemente vinculada a Betanzos.
- \* 100 anos da Declaración de Monumento Histórico-Artístico do templo betanceiro de San Francisco, unha obra marabillosa que temos que seguir poñendo en valor ao igual que a aportación da orde franciscana en Betanzos e a súa comarca, un legado franciscano, impregnado de valores como a paz e o amor, propios da súa mensaxe, tamén con iniciativas novas, no Betanzos de hoxe, que fomentan unha boa convivencia na que non cabe a soidade destrutiva.

---

\* Eduardo José Fuentes Abeledo é profesor Titular de Universidade no Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela.

## "O LEGADO DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA: COIDADADO, EDUCACIÓN E CULTURA"



Fig. 1.- Anuncio da conferencia coas fotografías de D. Juan e D. Jesús García Naveira.

\* 50 anos da fundación da Coral Polifónica de Betanzos, unha institución cunha traxectoria de enorme valor cultural, social e comunitario.

\* 40 anos dos inicios do betanceiro Grupo Untia, do que tiveron a sorte de formar parte xunto a outros queridos amigos (Fig.2), e que foi pensado para impulsar a cultura en Betanzos e a conservación, recuperación e posta en valor do seu inmenso patrimonio documental, histórico, etnográfico, artístico e cultural.

\* Pero tamén quero citar os 80 anos do final dunha traxedia, do monumental erro da guerra civil española. Aquel fracaso colectivo convídanos a reflexionar sobre por que se instalou a mala convivencia que conduciu á catástrofe, por que a democracia non sobreviviu nos anos trinta e non se lograron resolver pacificamente as diferenzas entre reformistas, revolucionarios e reaccionarios.

Cabe reflexionar con rigor, responsabilidade e debate auténtico sobre a nosa realidade á luz do pasado, nun momento en que necesitamos fortalecer o entendemento entre os españois, o respecto e o recoñecemento mutuo para progresar, desbotando o guerracivilismo. Como nos lembra Juliá (2019) nunha obra publicada recentemente, en España, de 1898 ata practicamente hoxe, sucederon «demasiados retrocesos», como se destaca no mesmo título do libro.



Fig. 2.- D. Francisco Vales con mozos betanceiros (entre eles, tres membros do Grupo Untia: Xoán Manuel Andrade, Alfredo Erias e Eduardo Fuentes; tamén aparece o colaborador Xosé Manuel Santos) e Ángel Núñez nun acto-homenaxe ao cumprir 90 anos o Cronista de Betanzos e Secretario da Real Academia Galega (6/6/1981).

Procurar o entendemento entre españois, parécenos un esforzo que cabe estimular tamén entre os habitantes de todo o planeta ante novas situacións que, unha vez tras outra, alentan tensións, odios, resentimentos, e mesmo confrontacións bélicas, rachando acordos entre países, afastándose de ideais en defensa da paz cos que se identificaban os irmáns García Naveira. Lembremos que nun relevo do xardín do Pasatempo («La Paz por el Arbitraje») un ideograma que incorpora nomes de países comprometidos con tratados de paz invita á solución de conflitos rexeitando a guerra. O fracaso destes ideais pacifistas -con fitos destacados nas primeiras décadas do século XX en España coa Guerra Civil comezada en 1936, ou en Europa coa primeira Gran Guerra iniciada en 1914- conduciu a anos de sangue, ruínas e miseria.

Cando xorden discursos sobre o pasado que poden inducir á confusión, cabe manterse alerta e analizar con sentido crítico relatos que conlevan alentar combates retomando conceptos históricos (como os de «imperio español» e «raza») que tanto se difundiron, e difunden, en certos contextos, e que nada teñen que ver coa mensaxe que penso tentaron transmitir os irmáns García Naveira, máis ben orientados por valores como a igualdade e a liberdade e iniciativas ilustradas de progreso baseadas na fe na educación e na cultura para todos.

Entendo que co obxectivo de propiciar a evitación de atrocidades e inxustizas, os García Naveira apostaron polo progreso, polo coidado, a educación e a cultura dos outros, sobre todo dos máis vulnerables. Cando os betanceiros da xeración dos 60 do pasado século, de rapaces reparabamos nun relevo do Pasatempo («O Sacrificio de Tupac Amaru II»), tomabamos conciencia doutra perspectiva diferente ao relato que na época se difundía oficialmente sobre o «Imperio Español», obtendo unha visión máis equilibrada e rigorosa, percibindo as luces, por suposto, pero tamén algunhas sombras das actuacións,

desenvolvendo así un sentido máis crítico da Historia. Cabe reflexionar sobre o modelo de sociedade que entendo tentaron potenciar no seu Proxecto Educativo os irmáns García Naveira, conciliando diversas tradicións e ideais nun programa de progreso e de comunidade cohesionada e pacifista, fomentando a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

Os valores cívicos democráticos, cooperativos, solidarios e pacifistas cabe defendelos, onte e hoxe. Correspóndelle ao sistema educativo replicar os aspectos positivos que fomenta o humanismo, e rexeitar aqueles que potencian a violencia, a inxustiza, a desigualdade, o racismo ou a xenofobia.

Os irmáns García Naveira pretenderon impulsar unha maneira de coidado das persoas e do mundo que garanta o seu progreso, perfilando un horizonte común, tentando conciliar diferentes tradicións, apostando polo entendemento, a comprensión, a igualdade e a paz.

## **2. Breve referencia a estudos sobre a obra e o legado dos irmáns García Naveira.**

A obra e o legado dos irmáns García Naveira require da realización de varias investigacións profundas e rigorosas, con diferente enfoque (histórico, sociolóxico, antropolóxico, económico, político, educativo, artístico, filosófico, ético, psicolóxico, emocional...) para analizar en detalle as súas contribucións e a traxectoria dos protagonistas e do seu Proxecto. Pese a que xa contamos na actualidade con bos e interesantes traballos é preciso facer un esforzo maior de contextualización no Betanzos e no mundo da época. A aportación dos irmáns, cabe recordalo, xorde nunha España que se corresponde coa Restauración, a Ditadura de Primo de Rivera e a II República, nun período en que unha boa parte das cidades españolas e tamén algunhas vilas afrontaron reformas de relevo e na que forzas políticas reformistas, revolucionarias e reaccionarias loitaban polo poder.

Analizar a actuación dos irmáns prestando atención, por exemplo, ao marco social en que se moveron no ámbito local interrelacionado con contextos máis amplos, resulta esencial, ou estudar os cambios que propiciaron na paisaxe urbana betanceira da época, analizar a súa acción en contraste coa actuación política institucional dos gobernantes da vila e con círculos máis amplos, ou desvelar as similitudes e diferenzas en relación coas pautas, códigos sociais dominantes e estratexias de uso do poder.

Situar a obra e o legado na evolución histórica da España contemporánea que sufriu a oscilación pendular entre elementos de modernidade e resistencias diversas, resulta unha empresa apaixonante para os historiadores. E como esta dimensión histórica e sociolóxica, outros moitos temas de gran interese noutros ámbitos poden ser abordados en relación coa aportación dos García Naveira. Mencionarei a continuación algúns dos traballos que se ocupan da súa obra e legado.

Os traballos de Santiago de la Fuente (1984, 1999), unha aldrabada para calibrar a inmensa obra dos irmáns, resultan de imprescindible lectura. O libro de Rodríguez Crespo (1983), publicado con motivo do cincuentenario do falecemento de D. Juan, incorpora datos de interese.

Diversos traballos de historiadores betanceiros son de recomendable lectura ao aludir á obra dos irmáns ou ao contexto histórico con aportacións que permiten comprender mellor a súa traxectoria. Por exemplo o estudo recollido nunha obra publicada polas Irmás Hospitalarias sobre a inauguración do Refuxio da autoría de Núñez-Varela (2010) ou a publicación do mesmo investigador sobre a morfoloxía urbana de Betanzos (2015), ao igual que os traballos de Torres Regueiro sobre a Casa do Pobo (1985), e o Betanzos no tempo da República (2004). Tamén publicacións de Erias Martínez (2001) como a dedicada

á estrutura socioprofesional de Betanzos entre 1840 e 1936, ou a que se centra nos documentos do Arquivo e Museo das Mariñas sobre a educación (Erias Martínez, 2013), así como a de Veiga Ferreira (1987) sobre a poboación nesta cidade no século XIX. O artigo do betanceiro Fernández Fernández en colaboración con Sánchez García (2006) aporta unha análise sobre a asistencia á vellez e os asilos en Galicia con referencia ao Asilo fundado polos irmáns.

Soraluce (1986), no Boletín do Grupo Untía ao que pertenceu este arquitecto e profesor da Universidade da Coruña, dedica unhas páxinas ao pasado do Pasatempo, ao estado da obra a mediados dos oitenta do pasado século, e ao futuro, do que valora como «un proxecto global cun meticuloso estudio dos seus detalles, estruturado en varias zonas, que a modo de plataformas introducían a natureza na realidade e a fantasía na natureza (...) froito dunha apaixonada aglomeración de detalles e elementos, capaces de provocar a sorpresa a cada paso» (p. 47). Soraluce apostaba pola «rehabilitación» cun «proxecto unitario por especialistas», desexando que non acabara transformándose «nun almacén de randeiras oxidadas» (p. 48).

A investigación de Fernández de Rota e Irimia Fernández (2000), desde unha visión antropolóxica, aporta unha reflexión sobre o pasado, o presente e o futuro de Betanzos e, sobre este último «como historia», unha análise do «Pasatempo» como «unha fantasía en ruínas» (p. 179) con referencia aos proxectos de restauración, pero tamén facendo alusión a outras obras dos irmáns. Os datos recollidos na súa investigación -fundamentalmente no período 1986-1993-, son moi interesantes para obter unha perspectiva dos betanceiros sobre a obra e o legado dos García Naveira. Por exemplo, desvélese que os irmáns «representan o soño materializado dunha multitude de betanceiros pobres» (p. 188), e que as clases populares de Betanzos «maioritariamente, de forma abafadora e case unánime» consideran o Pasatempo como «unha marabilla inigualable» (p. 188), un luxo cultural, a materialización en imaxes dese soño dos pobres, pero tamén valoran moi positivamente que as diversas obras dos indianos, ademais do Pasatempo -escolas, hospitais, lavadoiros...-, serviran para dar salarios, destacando o «carácter pragmático» das súas aportacións.

Mariño (2003), entende o Pasatempo como «o relato que o seu construtor, emigrante de fortuna, fai do seu propio éxito persoal e familiar» (p. 441). Sobrino Manzanares (2006) apoiándose en boa medida na documentada e valiosa obra de Cabano, Pato e Sousa (1991), destacaba o Pasatempo como un «xardín de recreo», mais segundo esta autora: «non existe, no proxecto deste diletante admirador doutros territorios culturais, un programa ou unha clara idea condutora» (p. 74).

A tese doutoral de Martín López (2010) defendida na Universidade de Granada e desenvolta no marco do Departamento de Historia da Arte e Música, aporta interesantes informacións, análises e conclusións en relación con parte do legado dos irmáns. Este investigador, identifica o Pasatempo coa estética masónica. En opinión de Martín López a obra de D. Juan responde ás características propias dun «xardín masónico». O betanceiro Ángel Arcay (2018) defende tamén unha clave explicativa masónica para comprender o Pasatempo na obra que gañou o Primeiro Premio «Masonería Aberta», convocado polo Instituto de Estudios Masónicos de Galicia.

Varios estudos publicados no *Anuario Brigantino* abordan tamén de forma específica a obra do Pasatempo. Por exemplo, cabe resaltar publicacións como as de Mariño (1999, 2000, 2003, 2010), Crespí (2006), Villasol (2001) ou Rodríguez Arnau (2015a e b). Ou traballos



sobre outras obras dos García Naveira, como por exemplo sobre o Lavadoiro Público Gratuíto (Vázquez Mosquera, 2009).

Outros estudos que se poden consultar en papel ou na rede (como o blog da «Asociación de Amigas/os do Parque do Pasatempo» (<https://bit.ly/2FNltIf>) e a Revista *Casa dos Espellos* (<https://casadosespellos.wordpress.com>) con título que evoca unha construción desaparecida do propio Pasatempo), son de notable interese. Tamén hai artigos que fan referencia a diversas obras dos García Naveira, centrándose na dimensión educativa (Fuentes Abeledo, 2014, 2015).

No ámbito da historia da educación teño noticia de que se están a desenvolver investigacións sobre a obra dos irmáns na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, unha en forma de tese de doutoramento nunha das liñas de traballo do historiador e profesor Vicente Peña do Departamento de Teoría e Historia da Educación.

Tendo en conta traballos como os citados, e outros que fan referencia á traxectoria e á obra dos García Naveira, non deixa de ser un atrevemento pola miña banda ofrecervos nesta tarde un fío de reflexións e sentimentos sobre o legado dos irmáns cando penso que cómpren investigacións de longo alcance e que precisan anos de dedicación para profundar nos temas.

A verdade é que non fun capaz de negarme a facer unha modesta aportación para o debate neste ano no que, como xa sinalei, conmemoramos o traslado de Betanzos desde o emprazamento en Tiobre ata o lugar que ocupa actualmente, pero no que lembramos tamén toda a longa traxectoria histórica da cidade a as aportacións ao seu progreso, sobre todo porque hai un detalle que me chama poderosamente a atención en relación coa valoración da obra e do legado dos irmáns García Naveira.

### **3. Altruísmo, boa convivencia e progreso da sociedade**

Vivimos no noso contexto momentos cheos de desencontros, mesmo de abertos enfrontamentos a nivel político, social e intelectual, con clara disputa pola hexemonía entre posicións fortemente enfrontadas. Observamos como se alimenta a polarización ideolóxica e mesmo agroman insultos entre grupos. Crece a cultura da desconfianza e da sospeita en moitos ámbitos. Mais, en Betanzos, as aportacións dos irmáns García Naveira parecen ser un espazo de converxencia, valoradas en positivo desde moitas fronteas, persoas, movementos e grupos sociais, institucións e asociacións, e mesmo partidos políticos con diferente ideoloxía, tamén en momentos de pugna electoral.

Este feito constitúe unha realidade de gran relevancia para levar adiante proxectos comúns, polo ben común en Betanzos, que unan á comunidade, proxectos de boa convivencia reforzando ou recompoñendo lazos sociais e comunitarios, que destaquen o valor da dignidade humana, da cooperación e da solidariedade, proxectos de progreso económico, educativo, social, cultural e afectivo para todos e todas.

Certo que, en ocasións xurdiu, e mesmo xorde, algunha crítica, ben escasa, ao labor dos irmáns (como a vertida sobre a figura de D. Juan polo chileno D. Augusto d'Halmar no xornal de *La Voz de Galicia* en setembro de 1925), esa crítica, xa tivo, e ten, respostas. D<sup>a</sup> María Barbeito (mestra e Directora da Graduada de nenas e párvulas das Escolas Da Guarda de A Coruña, posteriormente inspectora de educación no tempo da II República e pioneira na renovación pedagóxica en Galicia), invitou á reflexión ao escritor chileno «desfacendo agravios». Sobre esta educadora, defensora de D. Juan, cabe consultar o excelente traballo

de Ana Romero Masiá (2014), nun libro de coidada edición e, por certo, impreso en Betanzos nos talleres de Lugami.

Sobre críticas do estilo do señor d'Halmar, centradas nas causas do altruísmo de D. Juan García Naveira, só quero subliñar un aspecto acudindo a fontes recentes da investigación en neurociencia. Afirmar os investigadores Cela e Ayala (2018) que «non é fácil establecer cales son os mecanismos que dirixen o comportamento social (especialmente aqueles relacionados co comportamento altruísta)» (p. 88).

Hai hipóteses sobre as que se está a investigar. Unha das máis recoñecidas é que «certos comportamentos tendentes a reforzar os lazos sociais producen unha descarga no cerebro de opiáceos endóxenos (endorfinas) a modo de ´recompensa´» (p. 89). Por exemplo, os traballos de James Danielli (1980) dan conta de que, como resumen Cela e Ayala (2018), o cerebro humano «conta cun sistema de recompensas, mediante a liberación de endorfinas, que produce euforia cando se está levando a cabo un acto tido por altruísta» (Cela e Ayala, 2018). Pero convén precisar. Mesmo aceptando esta teoría, cabe considerar que «é moi diferente manter que a liberación de endorfinas está causada polo feito de obrar de acordo a certos valores (...) ou que se produce polo feito de axustarse ás normas sociais nun sentido xeral» (Cela e Ayala, 2018, p. 89).

En todo caso, a inclinación a preocuparse do ben alleo e dedicar esforzos e mesmo sacrificios para axudar aos outros, durante toda unha vida ou parte dela, penso que debemos valorala moi positivamente. Unha tendencia que relaciono co concepto de «respecto» ao outro, a toda persoa, que ha de ser percibida como un ser humano integral coa máxima dignidade e cuxa presenza importa, como maxistralmente argumenta un dos máis recoñecidos especialistas en socioloxía interpretativa, o norteamericano Richard Sennett (2003), no seu ensaio sobre «a dignidade nun mundo de desigualdade». A obra de Sennett convén tela moi en conta para analizar e actuar no noso contexto, nun momento en que, como se recolle en recentes informes sobre a pobreza en España, a taxa de exclusión social (sobre todo entre os mozos e familias con nenos) é preocupante, e o ascensor social está roto.

Máis alá de consideracións teóricas arredor das forzas dos mecanismos que conducen ás persoas a ter comportamentos xenerosos e altruístas, as notas que vos presentarei a continuación pretenden destacar o legado dos Irmáns García Naveira arredor de tres conceptos (coidado, educación e cultura) ligados a valores que, na miña opinión, artellaron un determinado Proxecto Educativo, sobre o que xa me estendín en dúas conferencias anteriores publicadas posteriormente no *Anuario Brigantino* (Fuentes Abeledo, 2014, 2015): un Proxecto ligado ao coidado, protección e educación dos máis vulnerables, dos máis necesitados da sociedade. Estas cuestións son de plena actualidade cando en España unha de cada cinco persoas está en risco de pobreza, e moitos nenos crecen sen igualdade de oportunidades, ou aumentan as necesidades de atención e coidado aos nosos maiores.

Valoremos positivamente Proxectos Educativos, Proxectos de Cidadanía para impulsar proxectos de vida persoais xunguidos a determinadas ideas de boa convivencia e progreso social.

É xustamente, a idea de boa convivencia, a que pretendo sirva de alicerce para artellar o conxunto de lembranzas, valoracións e reflexións que me provocou pensar no legado dos García Naveira, e compartilo con vós.

Unha boa convivencia, allea a aquela outra que produce malestar, que ataca á reputación do outro, que sementa a división, que impide chegar a pactos de convivencia sobre múltiples aspectos de gran transcendencia na actualidade española, como a educación ou a organización territorial no noso país. A boa convivencia non se logra baixo a considera-



Fig. 3.- Rúa Valdoncel e Feira Nova arredor de 1910.

ción do «outro» como inaceptable, intolerable, nin florece onde agroma a violencia verbal ou mesmo física.

#### 4. Memoria e «verdade narrativa»

Pretendo ofrecer unha visión íntima, non tanto un discurso, baseada nun estudo académico da obra e legado dos irmáns, aportando moitos datos novos, ou resultados da revisión de variados arquivos e documentos.

Apoiareime sobre todo no que vivín, e no que sentín, e sinto, como influencia dos irmáns García Naveira na miña maneira de ver o mundo, de percibir, pensar, sentir, mesmo de querer e relacionarme cos outros e que penso tamén puido afectar a outras persoas. Voarei á miña nenez e adolescencia cando residía en Betanzos, na rúa Valdoncel (Fig. 3), cos meus pais Elena e Juan, e as miñas irmás, María Elena e Eva. Volto a aquela época cando trataba a diario con familiares e amigos moi queridos e inesquecibles. Foi neses anos cando fun coñecendo aspectos da obra dos irmáns, sobre todo da man dos meus pais e dunha querida amiga, xa falecida.

Quero brindar estas palabras especialmente a aqueles e aquelas que, en diferentes momentos da historia betanceira, ao longo de máis de 800 anos, pensaron non só no seu propio benestar, no dos seus familiares, amigos ou colaboradores directos, senón tamén no dos demais veciños para que puidesen desenvolver un proxecto de vida digna, que pensaron no outro, sobre todo nos afectados polo sufrimento humano, naqueles que tiñan pouco ou nada (nin riqueza, nin propiedades, posición social, cultura, saúde, redes de



apoio material, social e emocional...), ou ben que perderon todo o que posuían por distintos avatares da vida.

Unha perspectiva ben diferente, por certo, daquela outra que observa o sufrimento dos demais baixo o razoamento lóxico de que «a quen lle saen mal as cousas, é sempre pola súa culpa e debe pagalo», e considera a dor, a pobreza, a necesidade en diversas manifestacións como un «castigo merecido» que non merece consideración, axuda, coidado nin compaixón.

Parto da convicción, como argumentaba recentemente Emilio García (2008), filósofo e profesor xubilado da Universidade Complutense, de que «somos as nosas memorias» e, polo tanto, desde elas, e gracias a elas, percibimos, pensamos, emocionámonos, sentimos, planificamos e proxectamos. Asumo a íntima relación entre o que habitualmente denominamos memoria e as emocións e sentimentos. Lembro a Machado: «Só recordo a emoción das cousas, e esqueceseme todo o demais, moitas son as lagoas da miña memoria».

Concordo co afirmado pola socióloga Elizabeth Jelin (2019), cando expresa que «falar de MEMORIA significa falar de PRESENTE. A memoria non é falar do PASADO, senón a maneira en que os suxeitos constrúen un sentido do seu pasado no seu enlace (...) co presente e cun FUTURO desexado».

Iso si, aceptando que os sucesos do mundo experimentámoslos e reconstruímoslos dun xeito con enorme carga subxectiva, como argumenta no seu libro póstumo (*El río de la conciencia*) o neurólogo Oliver Sacks (2019). E asumindo tamén que a memoria xorde do intercambio de moitas mentes. Así que animádevos, e colaborade comigo para ir constituíndo unha «verdade narrativa» en permanente reconstrución que nos aporta identidade colectiva á comunidade betanceira, permanecendo atentos á «verdade histórica», ben documentada, que se vai configurando con enorme esforzo por tantos bos historiadores que tivemos, e temos, tamén en Betanzos.

A min sucédeme como a Sacks (2019) que, conforme me vou facendo máis maior, véñenme á memoria primeiros recordos sobre todo da infancia e xuventude que permanecían como aletargados. Lembranzas pero tamén «estados de ánimo, pensamentos, ambientes e paixóns relacionadas con eles» (p. 99), aos que tento, coma el, darlle unidade e sentido, recoñecendo toda a carga de subxectividade que comporta tal pretensión.

## **5. O legado dos Irmáns García Naveira: memoria persoal, realidade histórica e ética do coidado**

Cal é o primeiro recordo que teño da obra dos Irmáns García Naveira?

### **5.1. O Lavadoiro Público e Gratuíto**

Remóntome á miña nenez. É hora de merenda na morada familiar da rúa Valdoncel, portal 16 de Betanzos, no cuarto e último piso, aquel espazo inesquecible de acollida, crecemento e felicidade que xa existía cando D. Juan residía en Betanzos á volta da súa aventura arxentina e D. Jesús, xa tamén con residencia en España, visitaba a vila de continuo (Fig. 3). Miña nai aprende o oficio de modista a varias mozas. Algunhas veñen todos os días a pé desde preto do «Norte», da Infesta. Sei que, de máis pequeno, Teresa e Ana, algúns días, camiñando, me levaban con elas a mediodía á súa casa para volver á sesión de traballo da tarde entre telas, tesoiras e máquina de coser. Escoitase o caer da chuvia sobre o tellado e a azotea que se distingue na imaxe (Fig. 3).



Fig. 4.- A moza Elena Abeledo Amado regando a roupa (3/6/1954).

Miña nai móstrame unha fotografía de cando era moza (Fig. 4). Sostén coas mans un balde do que verte auga. Únense á conversa dúas das aprendices de modista. Falan entre elas lembrando mulleres do lugar de Viuxe, da casa familiar de miña nai. Están recordando a forma de lavar a roupa en pozas, ou á beira do río, como se facía tamén na vila. Escoito historias da fonte do «río da Pena», moi cerca de onde pasaba o tren.

As aprendices comentan a marabilla que supuxo, segundo lle contaran vellas do lugar, dispoñer do «Lavadoiro Público Gratuito» de As Cascas, en Betanzos (Fig. 5 e 6).

Miña nai relata como veciñas da zona de Viuxe ían recoller roupa sucia, enviada no tren por familias acomodadas da Coruña, móstrame unha fotografía da estación «Betanzos Norte» e informa das tarefas para devolvela limpa e pasada ao ferro á cidade herculina.

As tres mulleres conversan sobre o adianto enorme que supuxo contar co Lavadoiro (dende principios do século XX, en concreto dende 1902), para protexerse das inclemencias do tempo. Un día, Teresa e Ana lévanme ata a construción dos García Naveira para mostrarme os postos cómodos e acomodados aos vaivéns das mareas para o lavado a man. E observamos tamén os secadoiros cubertos e a lareira para quentar o espazo e os corpos das mulleres nos invernos, un recanto onde descansar e xantar. Un auténtico luxo naquela época, e moito máis, se cabe, cando se inaugurou a comezos do século XX!

O Lavadoiro Público dos García Naveira na zona das Cascas, na marxe esquerda do Mendo, foi a primeira fundación dos irmáns. Pensaron naquelas mulleres que sen dúbida viran tantas veces cando, de nenos, a uns metros da súa vivenda familiar, a dos «Subela», á beira do Mendo no barrio da Ribeira, se esforzaban, axeonlladas, mollándose, lavando en calquera estación do ano (Fig. 7). A súa mesma nai, por exemplo.

Algunhas daquelas mulleres lavaban só a roupa da casa. Outras, traballando tamén para casas alleas, obtiñan ingresos para axudar na feble economía familiar.

Esa lavandeira que, provista do cesto da roupa na cabeza percorre as casas para as que lava, desenvolve operacións, usando xabón, fregando ben, batendo e torcendo na auga dun regacho do río, ou dun tanque, para poñela despois ao clareo. Logo, régaa con auga durante o día, e pasa despois recollela para facela colada. Auga limpa e xabón e, se cadra, poñela de novo a clarear e secar, sempre ata que quede ben limpa e branca. Chega a hora de recoller e dobrar, moitas veces axudándose entre as lavandeiras, e de colocar todo no cesto para o transporte.

Os irmáns García Naveira, mostrando un grao de empatía coas mulleres moi salientable, neste caso coas lavandeiras das clases populares, construíron ese fermoso e funcional



Fig. 5.- Lavadoiro Público Gratuíto dos irmáns García Naveira.

edificio, que aínda hoxe marabilla (Fig. 6). «Catedral das lavandeiras», se titulaba unha reportaxe sobre esta construción escrita polo betanceiro Xesús Fraga e publicada o pasado 23 de Marzo no xornal *La Voz de Galicia*.

A «Catedral das lavandeiras» para que as mulleres puidesen facer unhas tarefas en condicións dignas e nunha construción fermosa e funcional con dúas plantas, a baixa con dúas filas de pilóns, e a segunda para tender a roupa a secar, con boa protección ante as inclemencias do tempo. O magnífico edificio servía tamén para que as lavandeiras, nos momentos do traballo e tamén de descanso, quizás ao xantar ou na merenda, puidesen conversar, compartir momentos de confidencias, contar e compartir, que vivir é convivir!

Ese pensar nos outros dos García Naveira, nas outras neste caso, esa empatía considéroa propia dunha ética do coidado que as propias lavandeiras recoñeceron en vida de D. Juan: no acto celebrado en 1929 no seu 80 aniversario -D. Jesús morrera o 24 de Marzo de 1912- en agradecemento, entréganlle un pergamiño.

Imaxinar as mulleres, por exemplo con frío invernal, coa humidade do regato ou do río, mesmo chovendo, fregando a roupa ou as sabas coas mans, sen protección, meterse na súa pel e imaxinar como coidalas, é manifestación tanto de:



Fig. 6.- Lavadoiro Público Gratuíto dos irmáns García Naveira.





Fig. 7.- Lavandeiras. Debuxo de Alfredo Erias.



Fig. 8.-Segundo Lavadoiro gratuito doazón de D. Juan García Naveira.

\*Empatía cognitiva: a capacidade de entender a perspectiva doutra persoa.

\*Empatía emocional: a capacidade de sentir o que outra persoa sente.

\*Interese empático: a capacidade de entender o que outra persoa necesita de ti.

Os propios irmáns decidiran que ese Lavadoiro marabilloso fose «público e gratuíto», deixando estipulado que nunca podería ser obxecto de comercialización, así como que nel tivesen preferencia as lavandeiras

que se gañaban a vida con ese duro traballo, e que habitualmente cobraban por cestos ou por prendas, dependendo do tamaño das pezas.

Mulleres que, por outra banda, como escribiu o etnógrafo Xaquín Lorenzo (1983) ao referirse a este oficio feminino, non sempre eran ben tratadas porque as amas ou «señoras» que encargaban o lavado da roupa, normalmente, escribiu o intelectual ourensán, eran «moi da súa casa», eran «celosas defensoras do ajuar doméstico», e manifestábanse «inimigas declaradas de calquera droga que faga desaparecer os lixos con detrimento dos tecidos, e contables fieis das prendas entregadas e recibidas. A perda dunha servilleta ou dunha camisa pode supor para a lavadeira un desconto considerable na súa retribución» (p. 177).

Contar co Lavadoiro dos García Naveira, e mesmo con outro segundo Lavadoiro público uns anos despois -neste caso dunha soa planta- na mesma zona das Cascas e que doou D. Juan García Naveira dez anos despois do primeiro -persistiu ata o ano 1960-, foi unha doazón marabillosa naquela época (Fig.6).

Os irmáns García Naveira, mostraron «interés empático» (intimamente relacionado coa empatía emocional, antes citada); foron capaces de algo máis que sentir o que sentían aquelas mulleres. Foron capaces de saber dalgunhas das cousas que necesitaban, e responderon con sentido práctico, e estético -que fermosas as flores da forxa, por exemplo, ou a harmonía das súas dimensións-, e sentido moral. Non hai máis que acercarse ao Lavadoiro e situarse na época histórica para entendela.

Cabe tamén subliñar un feito: as investigacións recentes sobre a empatía suxiren que, conforme as persoas ascenden de nivel ou posición social, a súa capacidade para manter relacións sociais vai minguando e algunhas teorías neuronais conclúen que o interese empático é un sentimento de dobre fío: intuitivamente, sentimos a aflicción do outro como propia, pero, ao decidir se respondemos ou non ás necesidades do outro, sopesamos de forma calculada canto valoramos o seu benestar.

### 5.2.O Refuxio

Miña nai e meu pai, cando eu era neno, falábanme dos irmáns García Naveira como uns homes moi ricos, pero tamén me explicaban a súa grandeza como persoas, a súa bondade e xenerosidade.

Miña nai informoume tamén de como moitas nenas «con problemas», dicíame ela, atopaban acollida no que todos chamabamos «O Refuxio» (Fig. 9). Unha mostra máis da



Fig. 9.- O Refuxio.





Fig. 10. Monxa do Refuxio acompañando unha nena no paseo. Fotografía do libro das Irmás Hospitalarias (2010, p. 20).

atención específica ás mulleres, tan esquecidas no que se refire á súa protección, tan desvalidas, tan desconsideradas e, á vez, tan fortes para afrontar a dureza da vida.

D. Juan adquiriu unha parcela onde construíu un edificio que doou á Congregación das Irmás Hospitalarias para «refuxio» de nenas «pobres, raquícticas, escrofulosas e lisiadas» segundo recolle o Regulamento elaborado en 1923.

As nenas eran acollidas e mantidas gratuitamente. En Agosto dese ano de 1923 incorporáronse as primeiras trece nenas de entre os 3 e os 14 anos procedentes de Betanzos, A Coruña, Madrid e Burgos.

D Juan fixo ademais outras contribucións para sostemento da Casa como o pago de diversos recibos, ou un armónium, costeando ademais ata o seu falecemento, acaecido en marzo de 1933, o gasto mensual do pan que se consumía, como se recolle nun fermoso libro editado en 2010 polas Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús, obra na que se comenta tamén a evolución do centro ata hoxe.

Na publicación citada descríbese como, nos anos 30 do século pasado, con enormes desigualdades e necesidades entre a inmensa maioría da poboación, aquelas nenas pobres e afectadas pola escrófula, recibían alimento san, adecuado e suficiente, vestidos, boa hixiene e asistencia sanitaria, segundo escritos da Superiora deses anos.

As nenas tamén recibían «ensinanza das primeiras letras, cosido, bordado e labores propias das mulleres, mecanografía, etc» (p.24). Contouse tamén con máquina de tricotar, biblioteca e capela. O centro dispoñía de espazos para patios, xardíns, horta, granxa e monte.

O Regulamento establecía que as nenas, de non necesitar gardar cama, realizasen actividades como «recreacións, paseos, clases e ocupacións que eviten a monotonía e todo contribúa ao desenvolvemento físico e a utilizar a intelixencia e a capacidade das nenas asiladas». (p. 35). Así, pois, fomentábase tanto a capacitación profesional como unha atención e educación integrais (Fig. 10), como se desprende da información recollida na publicación das Irmás Hospitalarias (2010).

Por certo, actividades realizadas nun lugar no que se gozaba, e goza, dunhas fermosísimas vistas da cidade de Betanzos e do seu entorno, destacando a imaxe da ría, ademais de muros con reprodución de tiaras pontificias e paisaxes bíblicas.

### 5.3.O Sanatorio «San Miguel»

Xa moi maior, D. Juan, no 1930, doa o Sanatorio «San Miguel» no monte do «Coto» para acoller as relixiosas da congregación do «Instituto das Irmás dos Anciáns Desamparados»



Fig. 11.- Sanatorio San Miguel.

de toda España, unha manifestación máis dunha ética do coidado practicada coas que se dedicaban ao coidado dos anciáns máis necesitados (Fig. 11).

Cabe subliñar o feito de que nesa época o persoal relixioso seguía sendo esencial para o funcionamento da rede de beneficencia en España. Como comenta Schubert (1990): «Moitas das novas ordes femininas creadas na segunda metade do século XIX se dedicaban a obras de caridade e á educación» (p. 82). Un dato: en 1909 existían máis de 1000 institucións de beneficencia dirixidas por monxas e uns poucos anos máis tarde, o 90% das persoas que traballaban nos 546 establecementos municipais e provinciais de asistencia social eran relixiosas.

Non me cabe dúbida de que D. Juan era consciente do importante labor desenvolto polas monxas no ámbito da beneficencia e pretende tamén ofrecer «coidados» a quen coidaba dos demais. Como afirman Carballo e Magariños (1978) nun dos seus estudos sobre a reconstrución da historia da Igrexa Católica en Galicia -en especial sobre a etapa republicana-: «a atención prodigada pola Igrexa ao alivio das necesidades inscíbese nunha ancha gama de acción asistencial» (p. 450). Segundo afirman estes investigadores, a asistencia sanitaria «estaba en mans das relixiosas, na súa maior parte das Fillas da Caridade. A hospitalización era practicamente un asunto da beneficencia» (Carballo e Magariños, p. 450).

#### **5.4.0 Asilo**

Meu pai foi quen me comentou do coidado aos anciáns por parte dos irmáns, da dotación dun edificio con pavillóns, salas, dispensario, horta... El tiña moi boa relación coas irmás da congregación que os coidaban e que xestionaban o Asilo.

Aos seis anos ingresei nas Escolas que a maioría da xente denominaba «do Asilo». Pero ese Asilo, que estaba a carón das Escolas dos irmáns García Naveira (Fig. 12), xa o coñecía con anterioridade á entrada nas aulas nunha ocasión en que meu pai me levou alí, pouco tempo antes de converterme en alumno do admirado mestre D. José Dapena Espiñeira.

O meu proxenitor traballaba como taxista e nunha ocasión tivo que ir buscar un ancián e deixoume que o acompañase. Leveime unha grande sorpresa porque eu coñecía a aquel



Fig. 12.- Escola e Asilo García Irmáns.

home. Vírao deambular por rúas betanceiras, moi mal vestido, desorientado, famento, sempre só, como só moraba nunha casa con moi malas condicións hixiénicas e de todo tipo.

Paréceme increíble que me lembre dalgunhas cousas daquela idade, pero o que veño de relatarvos recórdoo moi ben. Cando se comentou na casa, meu pai volveu falar dos García Naveira e de que había moitos anos fixeran moito ben á xente, pero o seu labor filantrópico seguía vixente. Máis tarde souben que o Patronato Benéfico-Docente «García Irmáns» constituírase en 1908, con dúas obras: As Escolas e o Asilo. Cabe destacar que os irmáns fixaran «ser pobre» como un dos criterios básicos de preferencia de admisión nos dous establecementos.

A actitude cara aos «pobres» fora cambiando en España entre finais do século XVIII e pouco antes da chegada da Segunda República. Dun grao de tolerancia cara aos mendigos na rúa a finais do século XVIII que, segundo o viaxeiro Joseph Townsend (1797) resultaba «excesivamente xenerosa» (e que pode explicarse pola consideración da súa situación como desafortunada pero querida por Deus e moralmente útil, como comenta Schubert-1998-), foi transformándose noutra actitude na que destaca a visión do pobre como un perigo, como unha molestia, converténdose, polo tanto, nunha «cuestión social» que requería solucións. En todo caso, afirma Shubert (1991), os españois «aceptaron decididamente unha visión da pobreza que negaba a existencia de calquera obrigación de asistir ao pobre e afirmaba, pola contra, o dereito a elixir o tipo de pobres mercedores da súa axuda» (p. 79). Foise estendendo a idea de barrer aos pobres das rúas (como en Estados Unidos e Gran Bretaña), colocalos en institucións e ensinarlles a virtude do traballo, atacando a mendicidade e a doazón de esmolos nas rúas, favorecendo así a orde pública. A burguesía liberal comezou a afrontar o problema con obxectivos sociais e económicos (Fernández Fernández e Sánchez García, 2006).

Como declarara xa no 1861 a galega Concepción Arenal: «as esmolos dadas na rúa eran ´caridade mal dada´», aínda que defendía que os mendigos podían seguir nas rúas cun distintivo oficial que testemuñase o seu merecemento pois «representaban na sociedade a dor, ese elemento de moralidade e da perfección humana» (p.163).




Fig. 13.- Portada do libro que recolle a crónica da viaxe dos García Naveira e Borondo.

Diversas iniciativas dos irmáns para dar traballo aos parados, moitos en situacións ben complicadas, son manifestacións da súa preocupación por proporcionar sustento e, en simultáneo, dignificar o traballo e o esforzo. O obxectivo, pois, era que aqueles que estivesen fisicamente capacitados tivesen a oportunidade de ocuparse de tarefas profesionais e recibisen un soldo digno, transmitíndose así a mensaxe clara das virtudes do traballo que se reflexaban nos muros do Pasatempo creado por D. Juan, e tamén no patio das Escolas «García Irmáns». As actas das Sociedades Obreiras de Betanzos, en tempos convulsos previos á Guerra Civil recollen grandes eloxios ao labor dos García Naveira. E moitos anos despois, os antropólogos Fernández de Rota e Irimia Fernández (2000), recollen no seu estudio datos sobre a percepción das clases populares betanceiras entre mediados da década dos oitenta e da década dos noventa do pasado século: a valoración da obra e legado dos irmáns é moi positiva de forma case unánime.

### 5.5.As Escolas

En coherencia con esta visión, destaco outros elementos do seu Proxecto Educativo e Cidadá, como por exemplo a importancia dada a que os nenos acudan ás escolas («a sabedoría é riqueza e a ignorancia pobreza» aparecía nunha sentenza esculpida nunha das escaleiras para acceder ás aulas de nenos) e que, como aparece no Regulamento das Escolas García Irmáns de 1915, debe coidarse o desenvolvemento físico do alumnado. O texto normativo concreta, por exemplo, que os nenos reciban instrución militar (un tipo de





Fig. 14.- Encontro dos irmáns García Naveira e Roxelio Borondo. Debuxo de Xoán Andrade.

disciplina peculiar que entendo tamén ligada ao concepto de «control» para forxar o carácter), e as nenanzas en labores varias identificadas cun determinado modelo de muller da época (aprender a facer obxectos decorativos, a coser, remendar, facer traballos de punto, etc.).

Traballo ben feito, rectitude, disciplina, orde, autodominio, esforzo, previsión, constancia. Valores que os irmáns consideraban conveniente desenvolver no marco do seu Proxecto Educativo e de Cidadanía Democrática no contexto histórico en que se atopaban.

Que escolas contaban na época en que se construíron as dos García Naveira -e aínda moitos anos despois- con extraordinarios patios para xogar, para relacionarse, e realizar actividades de desenvolvemento físico, e tamén para ilustrarse con coñecementos varios? Eran un auténtico privilexio, un luxo, como tamén o era contar con Museo Escolar.

#### 5.6. Aportacións económicas directas a familias pobres.

Os García Naveira, ademais de crear toda unha infraestrutura filantrópica moi poderosa, aportaron auxilio material (asistir á escola, por exemplo, significaba poder xantar gratis, ou recibir uns zocos), ou mesmo pecuniario. D. Jesús deixou «Legados testamentarios en beneficio de Betanzos», como 100.000 pesetas para «200 Familias Pobres de Betanzos» en forma de accións do Banco de España, incorporando recomendacións específicas para o seu mellor aproveitamento, e tamén outros legados para o persoal que atendía a súa casa e coche particular.



### 5.7. *Outras aportacións*

Traballar, si, pero en boas condicións e cun labor digno e axeitadamente remunerado, e favorecer a organización e a cultura dos traballadores. Lembremos que un legado de D. Jesús, permitiu levantar a «Casa do Pobo» para as sociedades obreiras betanceiras de agricultores, canteiros, carpinteiros e oficios varios, nunha tradición de notable arraigo en Betanzos dende a Idade Media cos gremios de carácter, sobre todo, formativo e asistencial. Casa aínda ergueita na rúa Travesa e, desgraciadamente, non devolta á comunidade betanceira instaurada a democracia. D. Jesús deixou ben claro no seu testamento os seus desexos, violentados durante o franquismo.

Mellorar as condicións das mulleres para realizar diversas tarefas -como no caso das lavadeiras-, atender aos anciáns máis necesitados, educar aos nenos e nenas, coidar, e educar a nenas escrufulosas, lisiadas e raquícticas nunha institución específica, favorecer a organización das sociedades obreiras e aportar os medios para a construción dun edificio para realización de múltiples actividades, ou dotar ao antigo Hospital de San Antonio de quirófano moderno e de arranxos e aplicación de medidas de hixiene axeitadas para a realización de operacións, son só algúns dos exemplos que se relacionan fortemente cunha ética do coidado, que resumo no principio de atender a chamada do outro, e que, dende o meu punto de vista, asumiron con forza os irmáns García Naveira. Eles atenderon necesidades esenciais dos outros e lograron que moitos excluídos, moitos a quen se lle negaban dereitos básicos, se sentiran escoitados, acollidos, recoñecidos, apoiados, estimulados, coidados.

Unha tradición ética, que, como sinalara Bauman (2001), convén estimular na actual «sociedade líquida», sempre cambiante, en novos tempos de «desprotección», «inseguridade» e «incerteza». Unha proposta que considera como o xerme básico da ética, a alteridade, o sentido do outro, o recoñecemento de dependencias, a responsabilidade en relación cos demais, no recoñecemento da súa dignidade como persoas.

O legado, de novo, considero que non se relaciona exclusivamente con patrimonio material, senón tamén coa mensaxe de que o outro, especialmente o máis necesitado, o que dispón de menos recursos, é quen máis require coidado, protección, educación, cultura da máxima calidade, que dicimos hoxe, e apoio, respecto, amor fraterno, xenerosidade, afecto e atención.

A palabra, «atención» vén do latín «attendere», que quere dicir, «tender cara», en definitiva, centrarse nos demais, actitude que constitúe a base da empatía, como recorda Daniel Goleman (2018), un dos recoñecidos especialistas en intelixencia emocional.

O mesmo libro de Actas da fundación, reflexa o eco dun determinado tipo de comportamento e de actitudes que entendo tentou fomentar o Proxecto dos García Irmáns. Por exemplo, cítase no documento o nome dun grupo de empregadas domésticas que confeccionaron e regalaban roupa e sabas para os residentes no Asilo. A mensaxe dos García Naveira atopaba eco tamén en persoas modestas do propio Betanzos da época, tal e como xa me fixera notar meu pai con outros casos que me relatara na nenez. Exemplos de empatía.

### 5.8. *Recoñecemento oficial da filantropía*

O Estado español recoñeceu e ata estimulou as actividades filantrópicas, e xa no 1856 creara a Cruz de Beneficiencia, unha condecoración civil para premiar a filantropía que lle foi outorgada a D. Juan García Naveira por solicitude do Concello Betanceiro en 2011, e que tamén cursara para D. Jesús, pero este morreu antes da concesión.

Cabe destacar que unha betanceira, D<sup>a</sup> Matilde Augustina Andrea Golpe Brañas, viúva do tamén betanceiro D. Manuel Naveira González, recibiu a Orde de Beneficiencia pola súa

xenerosidade cos pobres. Sobre esta muller betanceira poden consultarse aspectos da súa biografía na publicación de Couceiro Vicos (2016) quen destaca igualmente o labor filantrópico do propio D. Manuel e do seu fillo, D. José Roque Naveira, o «neno de ouro» como se lle coñeceu sempre en Betanzos.

Entendo que no pensamento dos irmáns, o esforzo, a aprendizaxe para desenvolver un oficio, a responsabilidade para facer un bo traballo é unha das caras do bo vivir, do progreso persoal, ligado ao comunitario. Algúns destes valores refléxanse na «Árbore xenealóxica do Capital» que se reproduce tanto no patio das Escolas, como no Pasatempo.

Por outra banda, penso que as relacións sociais, a amizade e determinadas actividades de ocio ligadas ao enriquecemento cultural constitúen a outra cara para axudar a construír un bo presente e un bo futuro desde a perspectiva que mantiñan os irmáns García Naveira. Non se trata de centrarse exclusivamente no traballo, de empregar toda a enerxía e o tempo nesta actividade.

### **5.9. *Bo vivir, ocio cívico, formación e adquisición de cultura***

O betanceiro Campo da Feira, hoxe praza dos irmáns García Naveira, foi na miña experiencia vital desde neno un espazo para desenvolver actividades desta segunda cara do bo vivir. E conservo outra imaxe ligada ao meu coñecemento do legado dos García Naveira que quero compartir con vós.

A mesma amiga que me mostrara algunhas marabillas do Pasatempo, unha tarde, ao comezo da adolescencia, leume, mentres estabamos sentados nun banco moi preto desta sala, fronte á entrada da Alameda, varias páxinas dun libro que descoñecía. Tiña por título *Memorias dunha viaxe improvisada*. (Fig. 13). Unha viaxe que durou dous meses, pasando por lugares de Francia, Suiza e Italia, nunha época en que, en Europa, só arredor do dez por cento podía realizar viaxes por placer e en moita menor medida a poboación de países atrasados como España (Boyer, 2005).

Eu era un voraz lector de libros de viaxes e descoñecía aquela obra publicada na nosa vila en 1900 na «Imprenta Sucesores de Castañeira». A miña amiga comezou ler o que escribira Rogelio Borondo, un amigo dos García Naveira, cronista daquela viaxe. Quero compartir con vós algúns fragmentos da iniciática lectura, exactamente con parte dos parágrafos que escoitei aquel día, sen dúbida co obxectivo daquela querida mestra da vida, de incitarme á súa lectura completa.

Leo, emocionado. Sírvome hoxe da edición que hai nove anos publicou Edicións Morgante, con presentación de Fraga (2010) e un breve perfil biográfico de Borondo escrito por Ben Ramos (2010)

Cóntanos o notario daquela viaxe, aquel betanceiro que nacera en setembro de 1864 e morrera dous anos despois que D. Xoán, é dicir en 1935, que se encontran nun dos Cantóns do Campo (Fig. 14), ese espazo para a comunicación, o intercambio, a sociabilidade, o trato e tamén o rumoreo:

Ás doce do día 21 de Outubro de 1899, hora en que como tomara por costume dende o meu regreso de América me dirixía á miña casa (...), despois dunha sesión con algúns amigos na sociedade Liceo Recreativo, no cantón de San Roque (...) encareime cos amigos D. Juan e D. Jesús García (p. 15).



Fig. 15.- AMB. Panorámica de Betanzos no 1899. Fotografía de F.J. Martínez Santiso.

Ambos irmáns convénceno para que os acompañe nunha viaxe que o mesmo Borondo cualifica no Limiar da obra como «*grata viaxe*», e na primeira páxina como «*viaxe pracenteira*». O autor afirma que ofreceu, e agora reproduce literalmente: «*débil resistencia á invitación e suxestionado pola ocasión de tan bos compañeiros*» (p. 15).

Pouco antes das 6:40 dese mesmo día chegan os tres á estación de ferrocarril betanceira, e escribe D. Rogelio que varios amigos:

acudiron a despedirnos, démo-lo adeus a Betanzos ata o noso regreso. Soou o asubío da locomotora, e con el sentímo-la emoción propia no amante da súa vila natal ó abandonala, mesturada co pensamento das grandezas da natureza e da man do home que en breve habiamos de admirar (p. 16).

A miña amiga logo de lerre algúns parágrafos das visitas e paseos en París e Nápoles, que comentarei brevemente máis tarde, leume tamén o último parágrafo enteiro ao remate do libro, nas últimas horas da viaxe tras dous meses por Europa:

Ás 11:10 da noite chegamos a Venta de Baños, onde tivemos que espera-lo tren de Madrid ata as 2:55 da mañá do seguinte día 18, e ás 5:30 daquela tarde soou como trompeta de anxo o simpático nome de Betanzos, a cuxa estación chegamos, clausurando a nosa viaxe con este arribo feliz (p. 149).

Chegan á cidade escoitando «trompeta de anxo», coma se volvesen ao paraíso do que partiron, Betanzos (Fig. 15 e 16), enriquecidos culturalmente, cheos de experiencias formativas e de aventuras, admirados de cidades como París ou Roma ou da aventura no Vesubio, e reconfortados polos momentos de boa convivencia, entre eles os tres e con amizades estranxeiras.

Voltan con tempo para celebrar o Nadal, pois arribaron o 18 de decembro de 1899, case dous meses despois de descubrir marabillas da natureza e da cultura na súa viaxe por Francia, Italia e Suíza, rememorando, con variacións, aquelas viaxes dos aristócratas do «Grand Tour» que xurdiran na Inglaterra do século XVIII «para descubrir, para ilustrarse e para gozar (...) calidades esixidas para ser considerado un *gentleman*», e que asumía a cultura burguesa do século XIX con toques de «modernidade» (Cruz Valenciano, 2014, p. 348 e 366).



Fig. 16. – AMB. Imaxe da praza do Campo de Betanzos no 1900.  
Fotografía de F.J. Martínez Santiso.

Nesa luminosa tarde na que tiveron coñecemento deste libro de viaxes, descubrín outras facetas da personalidade e valores dos irmáns García Naveira, e algúns detalles da vida doutro betanceiro de que non oíra falar. Rogelio Borondo, anos máis tarde, exercería como tesoureiro do Padroado que crearon os irmáns e que agrupaba bens como as Escolas e Asilo dos filántropos.

Varias reflexións me provocou escoitar fragmentos daquela obra e sobre as que agora, revisando as miñas notas adolescentes, me estendo un pouco máis, para compartilas con todos vós:

Aquel «encontro» no noso paseo do Campo dos tres betanceiros (Fig. 14) me levou a pensar no valor da relación amable cos demais, da sociabilidade, de emprender traballos, pero tamén momentos de vagar, de goce e ocio, por exemplo paseando e conversando polo «Campo». Tamén pensei no valor da amizade, da colaboración para un boa convivencia, e para levar adiante bos proxectos de vida e traballo. Non é o traballo o único que da «sentido á vida». Por tanto, poñer freo á «adicción ao traballo», non deixarse arrastrar pola compulsión que conduce a dedicar máis e máis tempo e enerxía ao traballo buscando o lugar no mundo exclusivamente a través da actividade laboral. Poñer freo á competencia desenfreada, salvaxe, encarnizada, constante, sen tregua, desalmada, desleal, mesmo cruel (non só das empresas, senón tamén de cada suxeito) que conduce a que non haxa tempo máis que para o traballo, e se degrada a vida en común.

Algúns detalles do relato da viaxe:

· Despiden a Borondo e aos irmáns García Naveira varios «amigos» na estación o día da marcha, e outros «amigos» aparecen na obra. Cando lín o libro enteiro, apreciei aínda máis o valor de viaxar con outras persoas que poden ser fonte de satisfacción, de plenitude e de axuda mutua.





Fig. 17.- O Pasatempo. Entrada principal.

\* Después de visitar o Lago Maggiore, voltan a Milán e, á mañá do día seguinte, conta o cronista que:

no hotel presentouse o señor Franco Reiser (...) quen coñecía persoalmente ó noso compañeiro don Jesús (...), dende aquel momento foi o noso compañeiro inseparable, fino, simpático, amable e bondadoso, nobre e desinteresado, nunha palabra, milanés, esforzábbase por compracernos (p. 46).

\* Outro día, contra o remate da viaxe, atópanse no tren con outro «amigo» (Medialdúa) e relata Borondo:

Na primeira estación reunímonos nun só coche e cos friames e licores que levabamos festexamos aquel encontro casual (p. 149).

Encontros con persoas apreciadas e con amigos, momentos compartidos, conversa, confianza. Os antigos gregos daban moita importancia á amizade. Mesmo Aristóteles destacaba a amizade como «o máis importante da vida», e Cicerón escribiu que «sen a amizade, a vida non vale nada». A amizade que xorde de encontros baséase na solidariedade entre pares, na simpatía, pero existe reciprocidade, intención de facer ben ao outro e desexar facelo, interese, afinidade.

Os tres amigos, e con outros na viaxe, pasan bos momentos xuntos. Sen necesidade de poñerse a proba, acompañanse, aprécianse, cóntanse cousas, comparten valores, e aventúranse a vivir cousas xuntas.

\* Si, aventúranse a visitar xuntos, por exemplo, a Catedral de Nôtre Dame en París. Esa xoia da arte gótica (como a é, da arte gótica galega, a igrexa conventual de San Francisco de





Fig. 18.- O Pasatempo. Estanque dos Papas.

Betanzos). A Nôtre Dame parisina, un símbolo poderoso de Francia, pero tamén da cultura europea, e que estes días pasados tanto lembramos polo desastre acontecido co lume.

\* A miña amiga leume o escrito no libro de viaxe dos amigos chamándome a atención sobre as medidas, «68 metros de altura das súas torres xemelgas» dicía o texto (p. 18), mentres me mostraba debuxos dunha guía turística tanto da Catedral, como da Illa da Cidade no corazón histórico da capital parisina, as numerosas pontes, a Illa de Saint Louis...

\* Logo ensinoume outros debuxos que reflexaban a homes (canteiros, carpinteiros...), traballando na construción da Catedral, e describíume nunha deliciosa síntese os paseos dos tres amigos polos Campos Elíseos, bulevares, o Bois de Boulogne, o Palacio do Louvre, o Museo Naval Xardíns de Plantas, zoolóxico, invernadoiros, acuarios, grutas, museos onde observan frechas empezoñadas, estatuas de emperadores romanos, «*bonitas fervezas con abundante auga*», xardíns de «*delicioso recreo*», estanques grandiosos, terrazas con balaustradas e enormes estatuas. Escribe Borondo dun destes lugares que: «*Serve á vez de recreo público, de establecemento de ensino sobre botánica, cultivo, zooloxía, anatomía, historia natural, mineraloxía, física e outros cursos*» (p. 26, destacado meu). Que lugares de Betanzos vos lembran varias destas descricións?

### 5.10.O Pasatempo (Fig. 17, 18, 19)

Despois daquel descubrimento, a fin de semana visitei, unha vez máis, o que quedaba nesa época do Pasatempo. Outro día acerqueime ao Museo Pedagóxico das Escolas García Naveira, con permiso de D. José, aquel mestre sempre disposto a compracer os seus discípulos.

Non moitos anos despois, a finais dos setenta do pasado século, outras visitas con amigos e amigas, profesores da Universidade de Santiago e de Universidades francesas e inglesas, en ocasións acompañado da miña irmá Eva e o meu amigo Tino Chao, permitíronme que constataste o asombro dos docentes ao coñecer o Pasatempo e a fascinación que




Fig. 19.- O Pasatiempo. Estanque do Retiro.

exercía sobre eles . Tivemos que abrir camiño entre a maleza e axudarnos de escadas para entrar nalgúns lugares (Fig. 20, 21, 22, 23 24, 25). Nalgúns descansos ensinálles a colección de postais da época da inauguración do parque (Fig. 17, 18, 19). D. Juan establecera que a venta de postais e os ingresos das entradas ao Pasatiempo se dedicasen ao mantemento do Asilo. Estaban conmovidos!

Era só era unha parte da obra de D. Juan o que quedaba, en lamentable estado, daquel soño dos García Naveira, daquel Proxecto Educativo e Cidadá, cosmopolita, e de esperanza en apoiar a construción dunha sociedade avanzada, aberta, culta, democrática, que apostase polos dereitos humanos, pola paz e por un trato igualitario. Un Proxecto comprometido coa protección dos máis débiles, das clases máis desfavorecidas, dos anciáns, nenos e nenas, mulleres, orfos e orfas, persoas con deficiencias e problemas físicos, pobres, de unha sociedade que se preocupa por proporcionar traballo e formación a todos.

Os García Naveira empregaban a moitas persoas que aprendían a traballar como carpinteiros, canteiros..., como aqueles que construíran a Catedral de Nôtre Dame ou San Francisco de Betanzos, agora mesmo aprendendo a facelo tamén con novos materiais como o cemento, tan usado por exemplo no Pasatiempo e no patio das Escolas, ou como administrativos ou outros oficios nas clases de adultos cos mellores medios.

Con todos eles, os irmáns tamén quixeron compartir as marabillas que descubriran viaxando polo mundo adiante desde a súa posición económica privilexiada. Se os outros non podían viaxar, había que mostrarlles de algunha maneira ese mundo, sen desprazarse, con mensaxes con clara intencionalidade formativa. E facelo con espazos, obxectos, xardíns, estatuas, grutas, etc, de forma que a cultura «entrarse polos ollos», pero tamén publicando o propio libro da viaxe.

Os irmáns entenderon que a lectura, durante moito tempo un privilexio vedado ás clases inferiores da sociedade, podía converterse nun acto de rebeldía, por exemplo contra a inxustiza, a favor da atención aos máis necesitados, e de formación cultural e apertura ao mundo. A lectura serve para que nos fagamos preguntas, algo tan rexeitado por certos pode-



Fig. 20.- O difícil acceso á parte alta do Pasatempo (Xuño de 1979).



Fig. 22.- Entrada ás grutas do Pasatempo (Xuño de 1979).



Fig. 21.- O difícil percorrido pola parte alta do Pasatempo (1980).



Fig. 23. -Soños e espazos rotos no Pasatempo (1980).





Fig. 24.- León do Pasatempo no Santuario de Covadonga nunha visita das *Majorettes Brigantinas* Na imaxe, Eva María e María Elena Fuentes (7/8/1978), practicando unha inveterada tradición de moitos betanceiros.





Fig. 25.- O Pasatempo en venta.

res que consideran que pode inocular virtudes perigosas das que as clases populares non deben ter coñecemento como pretenderon, e pretenden, por exemplo, os réximes autoritarios.

Un detalle: D. Jesús especificou no seu testamento, de puño e letra do propio betanceiro, que todos os seus libros fosen entregados ás Escolas García Irmáns.

Outro detalle: as Escolas estableceron unha importante Biblioteca para uso da xente. Como sinala o artigo 28 do Regulamento das escolas: é un «deber» do profesorado que acostumen ao alumnado a «pensar e raciocinar», tamén nos paseos e excursións que deben realizar (artigo 3).

Os irmáns sabían que a beleza, a grandiosidade arquitectónica, mellor observala en directo, como cando Borondo describe a emoción dos tres amigos o apreciar a obra de Miguel Ángel ou o interior da Basílica de San Pedro: «fixéronnos pronunciar unha exclamación de asombro ante tanta maxestade e grandeza» (p. 88).

Pero sen medios económicos, dificilmente podía a inmensa maioría da poboación achegarse directamente. Cabía representala e describirla coas palabras, como ten feito conmigo, ademais da amiga betanceira, o mestre D. José. Ambos líanme algún parágrafo do libro de viaxes que vos comento acompañada de imaxes, por exemplo usando algúns dispositivos con fins didácticos mercados polos propios García Naveira para as Escolas, observando o reproducido nos seus patios, no Pasatempo, no recollido no Museo das Escolas ou noutros espazos, como no «Refuxio para nenas anormais físicas».

Os amigos, comenta Borondo no libro da viaxe, querían «conservar memoria de tanta beleza» (p. 92), e admíranse unha e outra vez de «tanta beleza» (p. 99). Sen egoísmo, queren compartir esa sensación, desenvolver a sensibilidade de todos e todas, penso que partici-



Fig. 26.- Os irmáns García Naveira e Roxelio Borondo no Vesubio. Debuxo de Xoán Andrade.

pando de principios como: «a cultura nos fai máis felices» ou «o saber nos fai máis libres».

O saber, a cultura, considerados como «unha riqueza» como declaraban lemas nos patios das Escolas onde eu estudei de neno. Pero, como xa dixen que se recollía nun lema do patio, os irmáns tamén querían transmitir que «a ignorancia» era «pobreza».

Os viaxeiros, no seu «Grand Tour» móstranse amantes da natureza máis virxe. Reproduzo fragmentos que me leu a miña amiga betanceira naquel día inesquecible e que describen a perigosa subida pola ladeira do Vesubio, «eternamente gravada na nosa memoria con caracteres de lume» (p. 123) (Fig. 26). Escribe Borondo:

rubindo con pés e mans por aquela pendente case perpendicular, a 1800 metros de altura, sobre un piso de cinza tan solta que nos enterrabamos ata a metade do papo da perna sen que avanzásemos relativamente nada» (...). (p. 124). (...). Esta ascensión foi unha verdadeira aventura digna de curiosos exploradores. Percorrémo-la planicie que circunda o bordo do cráter e aproximámonos con precaución ata uns cincuenta centímetros da súa beira, daquela boca infernal que mide 100 metros de diámetro e se afunde a 150 metros. Naquel mesmo instante lanzaba aquel monstro uns ruxidos aterradores coma gorida de ferozes feras en confusión, á vez que guindaba con impetuosidade enormes bocanadas de fume envolvidas en vivas lparadas que semellaban o mesmo inferno; no fondo daquel antro vense tres grandes bocas polas cales ceiba o fume e o lume, e a lava cando está en erupción, e, como en continuo fervor, óese un murmurio constante á vez que das entrañas da montaña saen aqueles espantosos tronos coma se quixese esborrallarse e sepultarnos nun abismo sen fondo. Contemplamos algúns minutos este monstro da natureza que xamais se borrará da nosa imaxinación (125).

D. José Dapena, diante da representación do Vesubio nun muro do patio, sendo eu moi pequeno, pero compartindo explicación con rapaces máis maiores, impartíunos unha «lección maxistral» sobre os volcáns. O último mestre das escolas describía as causas que os producen, e as consecuencias, referíndose tamén a Pompeia, a cidade sepultada baixo a cinza e outros materiais procedentes do volcán.

Despois, na aula, D. José fixo no encerado un esquema sobre as partes do volcán, axudándose de tizas de cores. Logo, aos pequenos mandounos ler no libro «El primer manuscrito» a lección sobre «Los volcanes» (Dalmáu Carles, 1964, pp. 94-100), obra que aínda conservo (Fig. 27, 28). Cantas veces fun meter despois os dedos na rañura do cráter representado no muro do patio das Escolas, e con nove anos, tralas lecturas como as do primeiro manuscrito, marabillarme cos textos de *Viaxe ao centro da Terra* de Julio Verne.

Polo tanto, amor pola cultura, a ciencia, pola arte, pola natureza, e sensación de asombro, de sorpresa, ante o ignoto, o descoñecido: o interior da terra, a boca do inferno que D. Juan, entendo, quixo de algunha forma representar tamén coa «Boca de Hades» no Pasatempo (Fig. 29), e nunha gruta coa especie de pozo escuro que, de neno, me metía medo ao asomarme e que os rapaces dicíamos que era «o inferno», relacionándoo con cousas misteriosas, con catástrofes como a desaparición de Pompeia, con forzas incontrolables.

## 6. Conclusións

A ética do coidado é unha aposta que se liga a comportamentos e actitudes de coidado, de compaixón, de afectación polo sufrimento, a dor, a indixencia, a soidade da vellez (emocional e social), con mellorar as condicións de traballo (das mulleres lavadeiras, por exemplo), e a preocupación por procurar traballo digno ante o paro, tan presente en Betanzos en etapas como as que nos estamos a referir, en loitar contra a pobreza, a mala saúde.

Entendo que o Proxecto Educativo e Cidadá dos irmáns se sustenta nun sentimento de humanidade compartida (non de deshumanización do outro visto como inimigo, mesmo con expresión de odio e violencia). Un sentimento alleo á anestesia afectiva cos demais. Supón apostar pola dignificación de todo ser humano, polo valor intrínseco de toda persoa sexa rica ou pobre, muller ou home, neno, adulto ou vello, con boa ou mala saúde física ou mental. Neste Proxecto cada persoa debe ser coidada e gozar dos dereitos fundamentais, debe ter unha vida digna tendo acceso ao enriquecemento cultural nun entorno fermoso.

Onde non chegaban as políticas públicas da época, en Betanzos, os irmáns García Naveira aportaban para facer realidade principios dunha ética do coidado e onde agromasen a dignidade, a solidariedade, a liberdade, a legalidade, a fraternidade, a xustiza, con servicios de calidade na educación, na sanidade, no coidado aos máis débiles e desvalidos.

As horas pasadas para darlle forma a esta aportación, supuxeron para min, ao igual que este momento aquí, con todos vós, unha mestura de alegría e orgullo pensando na inmensa aportación dos García Naveira a Betanzos, e no que me chegou como influencia positiva, especialmente na miña nenez e na adolescencia na vila onde nacín e, á vez, de tremenda melancolía, tristeza e rabia polo perdido, por todo o que non se soubo ou non se puido conservar, e sobre a influencia do legado dos irmáns nalgúns aspectos e algunhas dificultades para manter certos ideais.

A Guerra Civil desenvolveuse entre 1936 e 1939, pouco despois da morte de D. Juan. Quero subliñar que, en relación co eido educativo, os cambios e realizacións positivas que se foran producindo desde finais do século XIX ata o estalido da contenda foran permitindo




Fig. 27.- Portada do libro *El primer manuscrito*.



Fig.28.- Páxina da lección sobre os volcáns no libro *El primer manuscrito*.

avanzar para ir superando o retraso en relación cos países europeos máis desenvolto, como comentei nas dúas conferencias anteriores sobre a obra dos irmáns centradas na aportación á educación (Fuentes Abeledo, 2014, 2015). Neses anos avanzamos no conxunto do país e en Betanzos progresamos tamén contando ademais coa obra xenerosa dos irmáns. Cabe lembrar que D. Jesús morreu en 1912, pero aínda despois da súa morte, seguiu aportando á educación, por exemplo co legado que permitiu en 1917 a inauguración das Escolas Municipais que levan o seu nome (Fig. 30). D. Juan morreu no 1933 cando xa a tensión política e social no país aumentaba ata desembocar no horror.

Oitenta anos despois do remate daquela traxedia podemos analizar con máis sosego as consecuencias da mesma para os españois pensando nos betanceiros de a pé, e valorar como o legado dos García Naveira seguiu aportando beneficios a Betanzos, ata hoxe.

O coste social no tempo da fame e da miseria da posguerra, acompañouse doutras consecuencias. O historiador Antonio Cazorla (2016) esténdese en comentar o que denomina «catástrofe educativa». Desastre que se debeu segundo este historiador a dous factores clave: «a baixa inversión pública e o desdén da ditadura cara aos máis pobres» (p. 158), e á «extirpación das ideas modernas das escolas» (p. 159).

Cabe destacar tamén que na segunda metade dos anos sesenta e nos primeiros setenta, como escribe este investigador español, Catedrático de Historia Contemporánea de Europa nunha universidade canadense, o réxime «expandiu de forma notable o sistema educativo, as becas» (2016, p. 165). O Banco Mundial, en 1962, xa advertira con toda contundencia, que a educación española estaba moi por debaixo das necesidades mínimas da economía. Sen embargo, afirma Cazorla (2016) aportando interesantes datos, «a traxedia educativa non remitiu facilmente» (p. 165), pese a que a «planificación» foi un obxectivo prioritario





Fig. 29.- Boca de Hades no Pasatempo.

do réxime cos ministros Lora Tamayo (1962-68) e Villar Palasí (1968-1973), impulsando este último o famoso «Libro Blanco» que incorporaba unha demoledora crítica ó labor educativo da ditadura ata ese momento.

Catástrofe educativa, que, en parte, aínda foi quen de mitigarse algo en Betanzos, grazas ao legado dos irmáns García Naveira.

Eu tiven a fortuna de estudar entre os 6 os 10 anos, na década dos sesenta do pasado século, nas «Escolas do Asilo». De correr, xogar e aprender nos seus fermosos patios. De gozar nas visitas ao Museo Escolar. De crecer coas explicacións e actividades do último mestre, D. José Dapena Espiñeira, que fora tamén alumno das Escolas, e a quen considero herdeiro do seu espírito pero traballando nunha época ben difícil para certas iniciativas pedagóxicas.

E tamén tiven a sorte de formarme como mestre na primeira carreira universitaria que cursei, aprendendo a ensinar cos métodos creados por D. José. Este mestre de mestres actuou como o meu titor con sabedoría increíble e enorme xenerosidade, como contei recentemente nun relatorio ante os Decanos das Facultades de Educación de todo o país, na cidade de Cuenca, nunha xuntanza da Conferencia de Decanos á que fun invitado para analizar a nova formación de docentes en España e elevar propostas ao Ministerio de Educación.

Lembremos, analicemos e sexamos agradecidos con quen o merece. A memoria colectiva é un compoñente esencial da nosa identidade, e os betanceiros somos herdeiros dun patrimonio de enorme valor que debemos salvagardar impulsando o sentido de pertenza e de boa convivencia. Lavadoiro gratuíto, escola gratuíta, atención gratuíta na vellez, atención gratuíta ás nenas con graves problemas, acceso á ciencia, á cultura e ao traballo para todos e todas... Ética do coidado. Que inmenso legado!

Nun mundo global, volvémonos máis universais, pero corremos o risco de «borrar o sentido de pertenza» (García Montero, 2019). Como argumenta o director do Instituto




Fig. 30.- Escolas Municipais «Jesús García Naveira».

Cervantes no seu último libro: «O que parece unha boa medida contra o localismo pode, sen embargo, situarnos na abstracción, facernos vivir na virtualidade, sen que nos sintamos vinculados a nada ou a ninguén. A veciña do segundo esquerda pode morrer de fame ou de frío porque a precariedade da súa pensión é asunto seu. Que non nos conte a súa vida» (García Montero, p. 46).

Os irmáns García Naveira, souberon escoitar, prestar atención aos que estaban ao seu arredor. Creo que por unha posición clara sobre o concepto de igualdade e que se identifica con quen da a maior importancia no seu comportamento cotiá cos próximos no espazo e no tempo, na convivencia nos círculos máis cercanos, a relacións amables, respectuosas, de amizade, de fraternidade e solidariedade.

E sobre ese mesmo concepto de igualdade, en relación con iniciativas políticas máis amplas, no que podemos denominar a convivencia política, dando a maior importancia a aquilo que converte os homes e mulleres en iguais, ou ás formas de atenuar e reducir os factores de desigualdade, factores sociais moitos deles, como comenta Bobbio (1995). Unha boa educación para todos e todas, como pretendiron os irmáns constitúe unha aposta nesta perspectiva (Fuentes Abeledo, 2015) perfilando un Proxecto Educativo que impulse valores de cidadanía (pacifismo, cosmopolitismo, solidariedade, liberdade, xustiza, igualdade, democracia...).

Unhas concepcións diferentes as de aqueles outros que consideran a desigualdade como un dato ineliminable, natural, ou de quen entende que nin sequera deben propiciarse ou estimularse iniciativas que pretendan a súa desaparición.

A mellora da convivencia, con axeitada atención ao coidado, á educación e á cultura, cabe seguir potenciándoa a través non só da acción persoal, senón tamén de boas políticas públicas activas e sistémicas baseadas en valores e principios como os que penso constituíron os alicerces do Proxecto Educativo e Cidadá dos García Naveira, actualizando ideas e propostas para responder ás necesidades do momento presente. Por exemplo, no

oido educativo, para reducir o abandono escolar prematuro no país (o 17,9% dos xoves entre 18 e 24 anos non teñen estudos de Bacharelato ou FP de Grao Medio), ou, con carácter xeral, lograr un pacto educativo a partir dun debate serio, rigoroso, responsable, e do maior calado intelectual e moral.

Un debate que, noutro ámbito sobre o que podemos reflexionar a partir tamén do legado dos irmáns, e considerando o amplo marco da xustiza e dos dereitos humanos, poña sobre a mesa a pertinencia de introducir novos conceptos como o de «igualdade afectiva» recoñecendo o carácter relacional dos seres humanos, e afrontando o problema da desigualdade na provisión e recepción dos coidados e do amor na sociedade actual (Lynch, Baker e Lyons, 2014).

Non se trataría de preocuparse só por solucionar os problemas de número en iniciativas de atención, coidado e educación, senón tamén que se atenda e se eduque, en todos os contextos, baixo principios de calidade e igualdade afectiva, asumindo os poderes públicos responsabilidades e compromisos fortes en relación ao desenvolvemento máximo posible dunha ética do coidado e da xustiza: unha boa educación e unha boa atención a todos e a todas, concitando vontades, potenciando a colaboración, estimulando ou procurando iniciativas en forma de redes educativas e de apoio.

Proxectos con esperanza, proxectos que nos unan para posibilitar que todas as persoas da comunidade poidan vivir e convivir ben recoñecendo plenamente a súa dignidade humana, como considero que pretenderon os irmáns García Naveira na súa época, no seu contexto, nunha sociedade diferente á actual, e da maneira que entenderon naquel momento era a mellor. Toda unha obra de altruísmo que foi recoñecida por moitos coetáneos seus, como Tomás López da Torre, alcalde de Betanzos fusilado en 1936, nun texto publicado no xornal *La Voz de Galicia* que xa reproducín nun traballo anterior (Fuentes Abeledo, 2014, p. 158). Tamén Luis Cortiñas, nunha publicación na *Revista do Centro Betanzos* en Bos Aires no seu número 58 de 1962. Este último describe a D. Juan como un ser «alleo a toda clase de ambicións que non foran as de servir aos demais na súa terra (...)». Cortiñas lémbrao con agarimo: «saudándonos sorrinte aos xoves que cruzabamos o camiño da nosa escola. Para el si que non había diferencias de clases, estou por dicir que gustaba máis dos nenos e dos pobres que da demais xente. Era a quen podía axudar máis ,o seu goce era ser útil á humanidade».

Non sei que pensades do contido deste último texto. O autor, aquel avogado da familia Cortiñas que tivo farmacia a poucos metros de onde estamos, prisioneiro e exiliado, lonxe da terra betanceira tan amada, cóntanos que D. Juan era un home con corazón xeneroso e bondadoso.

D. Juan e D. Jesús apostaron por unha ética do coidado e por unha boa convivencia. Ben paga a pena, en tempos de crispación e enfrontamentos diversos, en momentos en que crece a desconfianza en non poucos contextos, recuperar o sentido de palabras como bondade, progreso, coidado, educación, cultura; reivindicar o sentido positivo de palabras que nos axuden a vivir mellor na comunidade configurando relacións auténticas, amables e fraternais, a configurar un mundo máis xusto.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARCAÏ, A. (2018): *O Parque do Pasatempo de Betanzos. Narrativas para comprender un patrimonio profano*. Oviedo: MASONICA.ES
- ARENAL, C. (1861): *La Beneficiencia, la Filantropía y la Caridad*. Madrid: Imprenta del Colegio de Sordo-Mudos y Ciegos.
- (1880): *La cuestión social. Cartas a un Señor*. Avila: Imprenta de la Propaganda Literaria.
- BAUMAN, Z. (2001): *La sociedad individualizada*. Madrid: Cátedra.
- BEN RAMOS, X. (2010): Perfil biográfico de Rogelio Borondo. En R. Borondo, *Memorias dunha viaxe improvisada. De Betanzos a Napolés en 1899*, (pp. 5-7). Cangas do Morrazo (Pontevedra): Edicións Morgante.
- BOBBIO, N. (1995): *Derecha e izquierda. Razones y significados de una distinción política*. Madrid: Taurus.
- BORONDO, R. (1900): *Memorias de un viaje improvisado*. Betanzos: Imprenta Sucesores de Castañeira.
- (2010): *Memorias dunha viaxe improvisada. De Betanzos a Napolés en 1899*. Cangas do Morrazo (Pontevedra): Edicións Morgante.
- BOYER, M. (2005): *Histoire générale du tourisme du XVI au XXI siècle*. París: L'Harmattan.
- CABANO, I., Pato, M.L. y Sousa, X. (1991): «*El Pasatiempo*». *O capricho dun indiano*. Sada: Edicións do Castro.
- CARBALLO, F. e Magariños, A. (1978): *Análisis histórico y teológico del periodo 1931-36. II República*. Madrid: Akal.
- CAZORLA, A. (2016): *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo. 1939-1975*. Madrid: Alianza Editorial.
- CELA, C.J. y Ayala, F.J. (2018): *El cerebro moral. Evolución del cerebro y valores humanos*. Madrid: EMSE EDAPP.
- CORTIÑAS, L.A. (1962): «Dos grandes hombres para la historia de Betanzos». *Revista del Centro Betanzos en Buenos Aires*, 58, 49-51.
- COUCEIRO VICOS, J.L. (2016): *Una gran señora de Betanzos. Matilde Golpe, viuda de Manuel Naveira*. Betanzos: Edición del Autor.
- CRESPÍ, J. (2006): «Revalorización del Parque histórico «El Pasatiempo»: Investigación, gestión e intervención». *Anuario Brigantino*, 29, 439-490.
- CRUZ VALENCIANO, J. (2014): *El surgimiento de la cultura burguesa. Personas, hogares y ciudades en la España del siglo XIX*. Madrid: Siglo XXI.
- DALMÁU CARLES, J. (1964): *El primer manuscrito*. Gerona: Dalmáu Carles Pla, S.A.
- ERIAS MARTÍNEZ, A. (2000): «Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)». *Anuario Brigantino*, 23, 311-374.
- (2013): «A educación no Arquivo Municipal de Betanzos e o Museo das Mariñas». *Murguía. Revista Galega de Historia*, 27-28, 203-210.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J. e Irimia Fernández, M.P. (2000): *Betanzos frente a su historia. Sociedad y Patrimonio*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.M. e Sánchez García, J.A. (2006): «Espacios para el refugio. La asistencia a la vejez y los asilos en Galicia». *SEMATA, Ciencias Sociales y Humanidades*, 18, 167-203.
- FRAGA, X. (2010): Presentación. En R. Borondo, *Memorias dunha viaxe improvisada. De Betanzos a Napolés en 1899* (pp. 9-12). Cangas do Morrazo (Pontevedra): Edicións Morgante.
- (2019): «La catedral de las lavanderas». En *La Voz de Galicia* (23/3/2019), 51
- FUENTE GARCÍA, S. de la (1984): «García Naveira, Juan y Jesús». En *Gran Enciclopedia Gallega 15, 193-08*. Santiago/Gijón: Silverio Cañada.
- FUENTE GARCÍA, S. de la (1999): Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones. *Anuario Brigantino*, 22, 395-434.
- FUENTES ABELEDO, E. J. (2014): «Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos». *Anuario Brigantino*, 37, 137-160.
- (2015): «O irmáns García Naveira e o dereito a unha boa educación para todos e todas». *Anuario Brigantino*, 38, 399-422.
- GARCÍA GARCÍA, E. (2018): *Somos nuestra memoria. Recordar y olvidar*. Madrid: EMSE EDAPP.
- GARCÍA MONTERO, L. (2019): *Las palabras rotas. El desconsuelo de la democracia*. Madrid: Alfaguara.



- IRMÁS HOSPITALARIAS DO SAGRADO CORAZÓN DE XESÚS (2010): *Los pasos de nuestra historia. La Hospitalidad en Betanzos*. A Coruña: Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús
- GOLEMAN, D. (2018): «Qué es la empatía». En AA.VV. *Inteligencia emocional. Empatía* (pp. 1-13). Barcelona: Reverté.
- JULIÁ, S. (2019): *Demasiados retrocesos. España 1898-2018*. Barcelona: Galaxia Gutemberg.
- LORENZO, X. (1983): *Os oficios*. Vigo: Galaxia.
- LYNCH, K.; Baker, J. e Lyons, M. (2014): *Igualdad afectiva. Amor, cuidados e injusticia*. Madrid: Morata.
- MARIÑO, D. (1999): El turista ideal del «PASATIEMPO». *Anuario Brigantino*, 22, 435-444.
- (2000): «Mito y utopía: sabiduría pedagógica del PASATIEMPO». *Anuario Brigantino*, 23, 423-476.
- (2001): «El corazón de la fortuna en los arquetipos literarios del «PASATIEMPO»». *Anuario Brigantino*, 24, 417-430.
- (2003): «Introducción a la narrativa del «PASATIEMPO»». *Anuario Brigantino*, 26, 411-442.
- MARTÍN LÓPEZ, D. (2010): *Estética masónica, arquitectura y urbanismo, siglos XVIII-XX*. Granada: Editorial de la Universidad de Granada.
- NÚÑEZ-VARELA, J.R. (2010): Crónicas para la historia de Betanzos. La inauguración del «Refugio» en el año 1923. En Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús, *Los pasos de nuestra historia. La Hospitalidad en Betanzos* (pp. 128-145). A Coruña: Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús
- (2015): *Morfología urbana de Betanzos de los Caballero Extramuros. Aproximación Documental*. Betanzos: Ayuntamiento de Betanzos.
- RODRÍGUEZ ARNAO, J.A. (2015a): «El Pasatiempo en los ojos de Loty (1927-1936)». *Anuario Brigantino*, 38, 423-454.
- (2015b): «El Pasatiempo visto por Vega en 1947». *Anuario Brigantino*, 38, 455-472.
- RODRÍGUEZ CRESPO, M. (1983): *Lucha y generosidad de los Hermanos García Naveira*. Betanzos: Ayuntamiento de Betanzos.
- ROMERO MASIÁ, A. (2014): *María Barbeito. Unha vida ao servizo das e dos escolares (1880-1970)*. Betanzos: Bahía Edicións.
- SACKS, O. (2019): *El río de la conciencia*. Barcelona: Anagrama.
- SENNETT, R. (2003): *El respeto. Sobre la dignidad del hombre en un mundo de desigualdad*. Barcelona: Anagrama.
- SCHUBERT, A. (1991): *Historia social de España (1800-1990)*. Madrid: Nerea.
- SOBRINO MANZARES, M.L. (2006): «El capricho enciclopédico de un indiano. El Pasatiempo de Betanzos (La Coruña)». En J.A. Ramírez y G.M. Borrás (pp. 72-84) *Esculturas margivagantes: la arquitectura fantástica en España*. Madrid: Fundación duques de Soria, Siruela.
- SORALUCE, J.R. (1986): «Una vez más, el Pasatiempo». *Untia. Boletín do Seminario de Estudos Mariñáns*, 2, 45-49.
- TORRES REGUEIRO, X. (1985): «A casa do Povo de Betanzos». *A Nosa Terra*, 5-XI-1985.
- (2004): *A II República nunha vila galega. Betanzos 1931-1936*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- TOWSEND, J. (1797): *A Journey Through Spain*. Vol. 2. Londres.
- VÁZQUEZ MOSQUERA, J.M. (2009): «Lavadeiro público gratuito de Betanzos». *Anuario Brigantino*, 32, 367-382.
- VEIGA FERREIRA, X.M. (1987): «A poboación de Betanzos no século XIX». *Anuario Brigantino*, 10, 71-82.
- VILLASOL, C.L. (2001): «Dos sueños en piedra: A Quinta da Regaleira y el Parque del Pasatiempo». *Anuario Brigantino*, 24, 431-448.

## AGRADECIMENTOS

O meu agradecemento pola axudas prestadas para a preparación da conferencia e do texto deste artigo a Elena Abeledo Amado, Juan Fuentes Vasco, María Elena e Eva María Fuentes Abeledo, Rubén Fuentes González, Mercedes González Sanmamed, María Teresa Amado Rodríguez, Nuria Abal Alonso, Noelia Antelo Blanco, Cipri Cia Villanueva, Pablo César Muñoz Carril, Xoán Manuel Andrade Vidal, Alfredo Erias Martínez, Antonio Agustín Golpe Maceiras, Andrés César Rodríguez Vasco, Xesús Torres Regueiro, Tucho Calvo, Carmela González Boo e Herdeiros de Francisco Pillado González.